



8 DE MARZO: DIA INTERNACIONAL DA MULLER

II ABORTO LEGAL, LIBRE E GRATUITO NA SEGURIDADE SOCIAL II

"AS MULLERES DECIDEN"

Dende que o PSOE anunciou a despenalización do aborto en caso de violación, perigo para a vida ou a saúde da nai ou en caso de malformacións do feto, a xerarquía eclesiástica e os estamentos e institucións mais reaccionarios, agrupados neses «Comités pro-vida» andan facendo unha campaña baseada na demagogia, na mentira científica e na calumnia, co obxectivo de seguir a manter o seu poder e os seus privilexios sobre as mulleres e a poboación en xeneral.

1.—Eles proclámanse contrarios ao aborto pero nada lles importa que:

- * milleiros de mulleres queden preñadas contra a súa vontade.
- * milleiros de mulleres teñan que recurrir ao aborto clandestino feito en pésimas condicións a maior parte deles, con perigo da propia vida e que no intento morran mais de 3.000 ao ano no Estado español.
- * haxa médicos, moitos dos que claman contra o aborto legal, que practican abortos nas súas clínicas por fortes sumas que van de 8.000 a 20.000 pesos.
- * haxa centos de nenos e nenas maltratados polos propios pais, metidos na inclusa ou vivindo na total indixencia.
- * sexan centos as mulleres que traballan na industria e no campo (especialmente nos sectores textil e cerámica) que abortan sen querer por malas condicións: outas temperaturas, humidade, utilización do chumbo, posicións do útero desapropiadas, insecticidas...

2.—Chámanse «defensores da vida» e o único que defenden é a vida dos fetos, porque lles trae sen cuidado a vida que levamos mulleres e homes.

- * Qué din do paro, da falla de vivendas axeitadas, da carestía da vida, da falla de centros de ensino gratuítos, da sanidade, das empresas que pechan, dos despedidos?
- * Por qué calan diante dos presupostos militares, da tortura que se practica nas cadeas, dos xenocidios en Palestina, Guatemala, Salvador...?
- * Qué din eles das violacións e agresións sexuais que a cotío os homes cometen contra as mulleres?
- * Pensan que é vida pra nos e praos nosos fillos a falla de guarderías, lavanderías e comedores populares?
- * Qué din e'es dos vertidos radioactivos que andan a botar nas nosas costas?

Todo isto a estes señores non lles importa nada.

3.—Eles están contra o aborto pero nada lles preocupa a información sexual e anticonceptiva; a investigación e difusión dos mesmos para que os utilicen as mulleres e homes que practican o coito.

Nada din da discriminación da muller en todos os ordes: nas leis, na vida, na dependencia económica e no traballo doméstico e asalariado.

4.—A eles que din defender a vida, nada de esto lles preocupa, e soio queren manipular a opinión das xentes decindo que o aborto é un crimen, un asesinato. Estes «defendevidas» queren que nós sigamos a vivir nas piores condicións crendo o que eles din. Para que non nos rebelemos, para que non loitemos por unha vida mellor. Unha vida na que non haxa explotación de clases, opresión da muller polo home, autoritarismo dos pais sobre os fillos, nen de mestres e ensinantes nas escolas. Unha vida na que as xentes e os pobos sexan libres de decidir por sí mesmos e de sí mesmos.

Nos coidamos que, o proxecto do PSOE non chega, deixa a milleiros de mulleres no aborto clandestino e ilegal, permite o lucro das clínicas privadas e que as mulleres que non poidan acceder a elas sigan abortando nunhas condicións sanitarias pésimas, con risco de cadea, multas, e perigo da propia vida.

As MULLERES reivindicamos o dereito a un traballo remunerado, digno e na nosa terra, esiximos non ser violadas nin agredidas sexualmente en ningún lugar da rúa ou da propia cama e demandamos a urxente legalización do aborto libre, gratuito na rede sanitaria do Estado e pola simple decisión da muller, ao tempo que denunciemos a sexualidade dominante que nega o placer a muller e impón o coito como único xeito de relación entre un home e unha muller, e reclamamos a investigación e difusión de anticonceptivos non perxudiciais e eficaces pra homes e mulleres.

NESTE 8 DE MARZO, DIA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA (DA MULLER que traballa na casa e da que sae fora a traballar) esixamos:

- NON AO TRABALLO DOMESTICO COMO TRABALLO DA MULLER
- POSTOS DE TRABALLO REMUNERADOS PARA AS MULLERES, DIGNOS E NA NOSA TERRA
- POR UNA REGLAMENTACION LABORAL XUSTA DO SERVICIO DOMESTICO
- POR UNA LEI LABORAL ANTIDISCRIMINATORIA E ANTISEXISTA
- CENTROS DE INFORMACION SEXUAL E ANTICONCEPTIVA
- NON AS VIOLACIONS NIN AS AGRESIONS SEXUAIS
- ABORTO LEGAL, LIBRE E GRATUITO NA SEGURIDADE SOCIAL
- AS MULLERES DECIDEN.

¡VIVA O 8 DE MARZO! ¡VIVA O MOVEMENTO FEMINISTA!

ACUDE A MANIFESTACION O DOMINGO DIA 6, AS 12 NA ALAMEDA EN SANTIAGO

Convocan: AGM de Santiago, Ferrol, Ourense, Asamblea de Mulleres de Pontevedra, Asamblea de Mulleres da Coruña e Coordinadora Feminista de Vigo.

Apoian: ANG, BNG, MGR EG, ERGA, INTG, LCR, MCG, PCG, PST, UMG, UPG.